

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 2019/2020

CEIP CAMPOMAIOR – ORDES

CURSO: PRIMEIRO

MATERIAS: LINGUA CASTELÁ E LITERATURA, LINGUA GALEGA E LITERATURA, MATEMÁTICAS , CIENCIAS DA NATUREZA, CIENCIAS SOCIAIS E VALORES SOCIAIS E CÍVICOS.

DATA: 08/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<u>LINGUA CASTELÁ E LITERATURA</u>	<u>LINGUA CASTELÁ E LITERATURA</u>
1. Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando a quenda de palabra.	1. Expresa de forma global sentimentos, vivencias e emocións propias.
2. Comprender o sentido global dun texto oral. Identificar información relevante.	2. Comprende o sentido global de textos orais de uso habitual, do ámbito escolar e social.
3. Ler en voz alta diferentes tipos de textos infantís breves e sinxelos.	3. Le con pronunciación e entoación axeitada, textos sinxelos, de variada tipoloxía, breves e adaptados á súa idade.
4. Interiorizar e utilizar as normas básicas de escritura e os seus aspectos gráficos.	4. Relaciona os códigos oral e escrito: discrimina sons nas palabras e consolida aspectos grafomotores e grafías da lingua castelá en palabras significativas.
5. Planificar e producir, con axuda, diferentes tipos de textos atendendo ao seu formato (descritivos, narrativos, dialogados) e intencionalidade comunicativa (informativos, literarios e prescriptivos) e coida a presentación.	5. Escribe, con axuda, en diferentes soportes, textos moi sinxelos propios do ámbito escolar e social: listas, notas, normas, felicitacións, instrucións, contos, anécdotas...
6. Aplicar os coñecementos básicos sobre as regras ortográficas para favorecer unha comunicación máis eficaz.	6. Utiliza de forma correcta os signos de puntuación e as normas ortográficas propias do nivel e as aplica á escritura de textos significativos sinxelos e segundo modelos.

LINGUA GALEGA E LITERATURA	LINGUA GALEGA E LITERATURA
1. Comprender a información xeral e relevante de textos orais moi sinxelos próximos á experiencia infantil.	1. Comprende a información xeral de textos orais e documentos audiovisuais sinxelos.
2. Comprender a información explícita en textos sinxelos de uso cotián.	2. Comprende informacións concretas en textos sinxelos, propias de situacións cotiás, como invitacións, felicitacións, notas e avisos.
3. Producir e reescribir textos sinxelos relativos a situacións infantís, aqueles propios dos medios de comunicación ou os relacionados coa escola, respectando as convencións elementais da escrita.	3. Elabora pequenos textos con certa coherencia e de xeito creativo.
4. Recoñecer a relación entre son e grafía así como as palabras como instrumento para a segmentación da escritura.	4. Separa as palabras que conforman un enunciado.
5. Ler, de forma guiada, textos adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade e á autonomía lectoras.	5. Le, de forma guiada, textos en silencio e en voz alta, adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á autonomía lectora.
6. Coñecer, de forma xeral, as normas ortográficas máis sinxelas.	6. Coñece, de forma xeral, as normas ortográficas máis sinxelas e aprecia o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.

<u>MATEMÁTICAS</u>	<u>MATEMÁTICAS</u>
1. Ler, escribir e ordenar números enteiros utilizando razoamentos apropiados.	1. Le, escribe e ordena os números ata o 99.
2. Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá.	2. Descompón e compón números naturais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras en situacións reais e figuradas.
3. Realizar operacións e cálculos aritméticos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, en situación de resolución de problemas.	3.1. Realiza cálculos numéricos básicos coa operación de suma na resolución de problemas contextualizados.
	3.2. Realiza cálculos numéricos básicos coa operación de resta (sen levadas) na resolución de problemas contextualizados.
4. Identificar e resolver problemas da vida cotiá adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas, valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.	4. Resolve problemas sinxelos aritméticos, de medida, temporais, xeométricos, con gráficas e comunica verbalmente de forma sinxela o proceso seguido na súa resolución.

<u>CIENCIAS DA NATUREZA</u>	<u>CIENCIAS DA NATUREZA</u>
1. Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando a diversidade.	1.1. Identifica semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando a diversidade.
	1.2. Recoñece partes do propio corpo.
2. Coñecer e valorar a relación entre o benestar e a práctica de determinados hábitos: a hixiene persoal, a alimentación variada, o exercicio físico regulado sen excesos ou o descanso diario.	2. Relaciona a vida saudable cunha alimentación adecuada, exercicio físico, hábitos de hixiene e o tempo de lecer.
3. Identificar e explicar as principais características das plantas e dos animais.	3.1. Explica as principais diferenzas entre plantas e animais.
	3.2. Identifica e describe, con criterios elementais, animais e plantas do seu contorno.
4. Adoptar medidas de protección medioambientais e poñelas en práctica na escola.	4. Reduce, reutiliza e recicla obxectos na escola.

<u>CIENCIAS SOCIAIS</u>	<u>CIENCIAS SOCIAIS</u>
1. Recoñecer as relacións simples de parentesco familiar e os seus roles identificándose, situándose e valorando a pertenza a unha familia con características propias así como contribuíndo ao reparto equitativo das tarefas domésticas entre os seus membros.	1. Identifica as relacións de parentesco, discrimina os roles familiares e contribúe ao reparto equitativo das tarefas domésticas entre os membros da familia.
2. Coñecer e respectar todos os elementos que conforman a escola e as súas funcións.	2. Identifica os membros da comunidade escolar, describe as tarefas que desenvolven e as respectan.
3. Recoñecer a pertenza a certos grupos e participar neles respectando os principios básicos de convivencia.	3. Respecta as normas de convivencia establecidas na familia e na escola.
4. Identificar as partes da casa e o uso que se fai nelas e diferenciar entre os distintos tipos de vivendas que forman a súa contorna.	4.1. Identifica as partes da casa, as representa nun esbozo e coñece e explica o uso que se fai delas.
	4.2. Identifica distintos tipos de vivendas e describe oralmente as diferenzas.
5. Coñecer os medios de transporte do seu ámbito, as características fundamentais e clasificalos segundo a súa función e uso.	5. Clasifica os diferentes medios de transporte da contorna segundo os seus usos, funcións e características.
6. Ser consciente do paso do tempo empregando como unidades de medida, os días, as semanas, os meses, o ano, as estacións e o calendario como instrumento para medir e representar o paso do tempo.	6. Sabe o número de días que ten unha semana e os meses, nomea os meses do ano e diferencia estacións segundo as súas características.

<u>VALORES SOCIAIS E CÍVICOS</u>	<u>VALORES SOCIAIS E CÍVICOS</u>
1. Crear unha imaxe positiva de si mesmo/a valorando positivamente as súas características físicas e calidades, expresándoa mediante a linguaxe oral e representacións.	1.1. Expresa a percepción da súa propia identidade.
	1.2. Manifesta verbalmente unha visión positiva das súas características físicas e calidades persoais.
2. Tomar conciencia das emocións, recoñecendo os signos físicos que as poden acompañar.	2. Identifica e comunica as súas emocións.
3. Desenvolver actitudes para actuar con motivación e responsabilidade.	3. Realiza as tarefas seguindo as pautas acordadas.
4. Comprender a outras persoas, detectar e expresar as súas características e identificar as súas emocións.	4.1. Describe oralmente as características de diferentes persoas.
	4.2. Recoñece e explica emocións e estados de ánimo das demais persoas.
5. Recoñecer, explicar e buscar solucións sinxelas aos conflitos habituais no colexio.	5. Soluciona os problemas persoais da vida escolar coa independencia adecuada á súa idade.
6. Valorar as condutas cotiás en relación ás normas de convivencia do colexio e realizar un uso responsable dos materiais escolares.	6.1. Coñece e enumera as normas de convivencia da aula.
	6.2. Fai uso adecuado do material.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos:</p> <ul style="list-style-type: none"> – Observación do traballo do alumno. – Revisión e corrección das tarefas. – Análise das producións dos alumnos. – Probas específicas (resolución de exercicios e traballos). <hr/> <p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> – Escalas de observación. – Recollida de actividades (fichas, traballos, libro de texto...) – Rexistro persoal. – Evidencia dos estándares de aprendizaxe. –
Cualificación final	<p>A avaliación e cualificación adaptarase, tendo en consideración que se realizará sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso, así como sobre as actividades de reforzo, recuperación ou ampliación de aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020 .</p> <p>A avaliación das actividades realizadas na fase non presencial so terá valor positivo para a cualificación do alumnado.</p> <p>O traballo do terceiro trimestre servirá para:</p> <ul style="list-style-type: none"> – Recuperar as avaliacións pendentes. – Mellorar a cualificación final. – Consolidar e avanzar nos aprendizaxes adquiridos nos trimestres anteriores. <p>Os criterios de promoción aplicaranse pensando en non prexudicar ao alumnado polo cambio á metodoloxía non presencial.</p> <p>A repetición será unha medida excepcional e estará sempre solidamente argumentada e acompañada dun plan de recuperación.</p> <p>As aprendizaxes non acadadas serán tratadas no seguinte curso coas medidas de apoio e reforzo individuais que sexan necesarias para acadar ditas aprendizaxes.</p>

<p>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</p>	
<p>Actividades</p>	<p>Actividades que lles permitan aos alumnos e alumnas manterse incorporados á aprendizaxe continua e suscitar o seu interese por aprender, de modo non presencial.</p> <p>As actividades estarán adaptadas á idade e características do alumnado, así como á situación excepcional que están a vivir polo que non se sobrecargarán aos alumnos de tarefas excesivas .</p> <p>Realizaranse actividades de recuperación, repaso, reforzo debidamente titorizadas das distintas áreas e materias e afondarase nas aprendizaxes xa traballadas nos dous primeiros trimestres do curso, fomentando as rutinas de traballo e mantendo o hábito de estudo.</p> <p>Impartirase materia nova sempre que poida favorecer ao progreso na aprendizaxe e ao desenvolvemento das competencias clave e servirá para mellorar a cualificación obtida na 1ª e 2ª avaliación.</p> <p>Para o alumnado que non adquirise as aprendizaxes e competencias imprescindibles nos dous primeiros trimestres do curso, proporánselle actividades que lles axuden a adquirilas e superar a materia, co obxectivo de que os alumnos e alumnas poidan continuar o seu itinerario formativo.</p>
<p>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</p>	<p>No terceiro trimestre levarase a cabo unha metodoloxía non presencial baseada nos seguintes principios:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado e das súas aprendizaxes previas, proporcionando situacións de aprendizaxe motivadoras. ▪ Ser unha metodoloxía diferenciada que pon atención personalizada á diversidade, xa que ten en conta que os ritmos e dificultades de aprendizaxe difiren duns alumnos/as a outros, planificando varios niveis de aprendizaxe para que cada alumno/a desenvolva plenamente o seu potencial cognitivo. ▪ Asegurar a construción de aprendizaxes significativas. ▪ Posibilitar que os alumnos/as realicen aprendizaxes por si sós e desenvolver a súa memoria comprensiva. ▪ Ser unha metodoloxía orientada á aprendizaxe funcional e ó desenvolvemento das competencias básicas, na medida que as aprendizaxes dos contidos vai dirixida precisamente á súa utilidade para enfrontarse con éxito ás múltiples ocasións da vida diaria.

	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Esta metodoloxía inclúe comunicación e coordinación constantes coas familias, para facilitar e enriquecer o proceso de ensino-aprendizaxe.
Materiais e recursos	<ul style="list-style-type: none"> - Fichas de repaso, reforzo, ampliación, control e avaliación. - Documentos dixitais (páxinas web, fotografías dixitais...). - Libros de texto. - Cadernos. - Libros de lectura e consulta. - Diverso material de plástica: pinturas, lapis, goma, afialapis, ceras, rotuladores, tesoiras, pegamento...

4.	Información e publicidade
Información ao alumnado e ás familias	A información básica da adaptación das programacións didácticas para a finalización do curso 2019-2020, será elaborada en base aos principios de claridade, transparencia e obxectividade que garantan o dereito dos alumnos e alumnas a que o seu rendemento sexa avaliado conforme a criterios obxectivos.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.